

## ESCOLMA DE TEXTOS DE ALFONSO DANIEL CASTELAO

### SEMPRE EN GALIZA

Galiza é unha nacionalidade, e como tal foi recoñecida en Berna, pol-o IX Congreso de Minorías Nacionaes Europeas, adscrito á Sociedade das Nacións. Tamén está recoñecida pol-a Terceira Internacional como nación asoballada. Pero hai galegos antifeixistas que aínda non-o saben e hainos que non-o queren creer. E por isto eu propóño demostrar que Galiza é unha unidade nacional perfecta, e que, pol-o tanto, ten dereito a dispor dos seus destinos.

Para saber o que é unha nación, como anexo do Estado, non vou entrar na selva xurídica de ningún profesor -poño por caso de mestres a Duguit-, porque a nación é un feito e non unha idea, un ser real e non un ente problemático. Apelarei, en troques, á definición que dá Stalin, porque, a este respecto, é un autor libre de ofuscacións filosóficas:

*"Nación é unha comunidade estable, historicamente formada de idioma, de territorio, de vida económica e de hábitos psicolóxicos reflexados n-unha comunidade de cultura". "Somentes a eistencia de todol-os sinos distintivos, en conxunto, pode formara nación".*

Compre decir que apelo a Stalin, non por sentirme inclinado á orgaización internacional que él dirixe (eu vivo en latitudes moi distantes do comunismo), senón porque no problema das nacionalidades abraza, con decisión, o ideal patriótico da liberdade. Apelo a él porque recoñece o dereito das nacionalidades, dentro d-unha unión de Estado, e dá solución xusta ao problema que plantean os povos diferentes que non renuncian á idea d-unha unidade superior. Pero, sobor de todo, apelo a este home porque non é un simple teorizante, pois sostén practicamente o derradeiro e máis racional tipo de federalismo.

¿Ten Galiza un idioma propio? ¿Ten territorio diferente? ¿Ten unha vida económica peculiar? ¿Ten hábitos psicolóxicos reflexados n-unha cultura autóctona? Pois logo Galiza é unha nacionalidade, e, pol-o tanto, ningún antifeixista pode negarlle o dereito de autodeterminación; é decir, o dereito a gobernar a súa vida. Non esquezamos que todos nos somos antiimperialistas. Claro está que os galegos podemos dividirnos en canto á maneira e xeito de resolver os problemas que a morfoloxía social i económica de Galiza ten planteados; pero non sería honroso enaxenar o noso dereito e o noso deber de resolvelos, declarándonos incapaces, ou agardando a que os alleos gobernen a nosa casa mellor que nos mesmos.

A teoría de Stalin encol do problema nacional concorda, en absoluto, cos sentimentos permanentes de Galiza traducidos en verbas que o povo galego soupo pronunciar por boca dos galeguistas. Velahí unha concordancia que eu reputo venturosa, porque me fai supor que, fronte as realidades da nosa Terra, a unión dos galegos antifeixistas quedará consolidada por un programa único de reivindicación.

Para Stalin non hai nacionalidade sen territorio propio, e a solución do problema nacional está nas autonomías territoriaes. Para nós, os galegos, a Terra (así, con maúscula) é Galiza. O que nos xunta n-unha comunidade espiritual é, principalmente, o amor á Terra. E cando decimos "a nosa Terra" queremos decir "a nosa Nación". A Terra é a Matria.

Para o dito autor non hai máis límites nacionaes que os do territorio, e dá como solución do problema das minorías -problema idiomático, racial, etcétera- a igoaldade de dereitos pola plea democratización do país. (Galiza non é, non, unha minoría nacional; é unha nación). Para nos, os galegos, tampouco pode haber máis fronteiras (perdoádeme esta verba odiosa) que as fronteiras verticaes, que limiten a nosa Terra; pero endexamáis consentiríamos tabiques hourizontaes, que

dividirán o noso povo en castas. Ademitimos a variedade dentro da unidade, para constituirmos, precisamente, un modelo exemplar de democracia.

A raza non é tansiquera un signo diferencial da nacionalidade, e non se pode fundar ningunha reivindicación nacional -así di Stalin- invocando características de raza. Para nós, os galegos, afeitos a percorrermos o mundo e a convivir con todas as razas, o nacionalismo racista é un delito e tamén un pecado. Endexamáis medimos os diámetros do noso cráneo, nin llo medimos a ninguén para ser admitido na nosa comunidade.

Certo que nos sentimos celtas; pero máis que pensar nos invasores que nos deron o pulo xenésico da nosa unidade espiritual, pensamos nas afinidades étnicas que nos asemellan a outros povos atlánticos, que viven nos Fisterres: irlandeses, galeses, bretóns, etc. E tales signos diferenciaes atribuímos ao poder creador da Terra-Nai, molde que nos vai facendo á súa imaxe e semellanza. O sol é único para todos os homes do mundo; pero fai negros en África e brancos en Europa. E a nosa Terra ten poder bastante para facer brancos aos negros.

Fai moito tempo escribin un conto. Érase un "habanero" que trouxo un rapaciño negro, como podía traer un papagaio ou un fonógrafo... O "habanero" morreu, e o negro chegou a mozo, e sinteu, como calisquera galego, a necesidade de percorrer mundos. I emigrou a Cuba; pero a morriña non-o deixaba vivir alí. E farto de chorar voltou á súa terra. Non traía cartos; pero traía un traxe novo, un baúl valeiro e moita ledicia no corazón. Aquel negro era galego”.

### *¿Ten Galiza un idioma propio?*

Estamos fartos de saber que o povo galego fala un idioma de seu, fillo do latín, irmán do castelán e pai do portugués. Idioma apto e axeitado para ser vehículo d-unha cultura moderna e co que aínda podemos comunicarnos con máis de sesenta millóns de almas.

O galego foi instrumento maravilloso da grande e única poesía lírica de Hispania e nel escribían os enxeños peninsulares -tanto de dentro como de fora de Galiza-, cando a lingoa de Castela non tiña categoría literaria. O galego é un idioma estenso e útil, porque -con pequenas variantes- fálase no Brasil, en Portugal e nas colonias portuguesas. O galego rexurdeu no século pasado con poetas tan esgrevios como Rosalía, Curros e Pondal. O noso idioma ten tal fremsura que un poeta andaluz como García Lorca -o poeta mártir- non foi quen de resistir o seu engado e compuxo poemas en galego. O galego -somentes refugado pol-os *señoritos* ou por *traballadores* que quixeran ser *señoritos*- é hoxe o idioma que prefiren os inteleituas como vehículo da nosa cultura; pero aínda que carecerá de tantos méritos contraídos, abondaríalle ser a fala do povo traballador para estar dignificado de por sí, pois o galego é unha executoria viva do traballo e unha cédula honrosa de cidadanía e democracia. Non esquezamos que si aínda somos galegos é por obra e gracia do idioma.

A esta fala popular, viva e gloriosa, os imperialistas chámanlle dialecto. Mais eu perguntaríalles: "¿Dialecto de que idioma?". "¿Do que vós chamades *español*?". De ningunha maneira, porque o idioma que vós impuxeches pol-a forza é un irmán menor do galego. "¿Acaso queredes dicir que é dialecto do latín?". Pois entón chamádelle dialecto ao francés, ao italiano, ao rumano, porque tamén son fillos do latín e irmáns do galego.

E diríalles máis: Prohibíchedes o galego nas escolas para producir no espírito dos nosos rapaces un complexo de inferioridade, facéndolles creer que falar galego era falar mal e que falar castelán era falar ben. Espulsáchedes o galego das eirexas, facendo que os representantes de Cristo explicaran o Evanxeo no idioma oficial, que o povo non falaba nin comprendía ben. Refugáchedes o galego ante os Tribunales de xusticia e chegáchedes a castelanizar bárbaramente as toponimias galegas. ¿E de que vós valeu? Porque dispois de máis de catro séculos de política asimilista, exercida con toda riqueza de astucias e violencias, o noso idioma está vivo. Sodes, pois, uns imperialistas fracasados.

Algúns galegos de boa fé coidan que o cultivo do noso idioma é unha impedimenta de traballo na emigración. Mais eu quero invítalos a meditar: ¿Pensades que a nosa Terra pode seguir sendo un criadeiro de carne human, para enviar as Américas en *paquetes* teutóns? Porque o noso deber está en asegurar o dereito ao traballo remunerado, para que ningún irmán noso emigre por necesidade. ¿Pensades que os galegos poden seguir andando pol-o mundo a ofreceren indignamente a mercancía dos seus lombos e dos seus brazos? Porque o noso deber está en armar ao povo d-unha instrución primaria, profesional e técnica, que lle permita ser digno en todas partes, i en todas partes atopar as ventaxas que se lle ofrecen a un inglés, a un alemán... ¿Ou é que na emigración resulta superior un castelán a un galego por falar unha língoa máis estensa? A superioridade non está no idioma que se fala; está no que se sabe, no que se di e no que se fai. Algúns homes -galegos tamén- andan a falaren d-un idioma universal, único para toda a nosa especie. Son os mesmos que buscan a perfeición babeando pol-a escada zoolóxica, deica sentiren envexa das formigas e das abellas. Son os mesmos que perderon o anxeio de chegaren a ser deuses, e renegan das inquedanzas que produz a sabiduría. Son os mesmos que consideran o mito da Torre de Babel como un castigo, e renegan da vida ascendente. Mais eu dígolles que a variedade de idiomas, co-a súa variedade de culturas, é o signo distintivo da nosa especie, o que nos fai superiores aos animaes. Velahí vai a demostración: Un can de Turquía oubea igoal que un can de Dinamarca; un cabalo das Pampas arxentinas rincha igoal que un cabalo de Bretaña. ¿E sabedes por qué? Porque os probes animaes aínda están no idioma universal...

Un idioma non nasce pol-a vontade xenial d-un grupo de homes; nasce pol-a predisposición psicolóxica d-un povo, que, en condicións hestóricas favorables, crea unha cultura e a súa correspondente maneira de eispresión. Porque un idioma é o corpo sensible d-unha cultura, e todo atentado á língoa peculiar d-un povo representa un atentado á súa cultura peculiar. Máis os povos teñen unha forza máxica, invulnerable, e por eso as nacións asoballadas poden verse privadas do seu poder creador, ou poden converterse en parásitos da cultura dominante; pero endexamáis se deixan assimilar. O problema do idioma en Galiza é, pois, un problema de diñidade e de liberdade; pero máis que nada é un problema de cultura. Estamos fartos desa cultura esterilizada que nos fan mamar por biberón. Nos queremos mamar a cultura na propia teta. Pedimos garantías legaes para o desenrolo natural do noso espírito, porque queremos volver a presentarnos diñamente no mundo, levando nas mans o ouro da nosa cultura (sabiduría manifestada) para ofrendarlllo ao acervo espiritual da Humanidade.

As numerosas caras do problema dan materia para un libro; pero co dito xa queda patente a coincidencia do galeguismo coas doutrinas máis prestixiosas e predominantes n-este punto concreto das nosas reivindicacións. Quero afirmar, tamén, que a ideoloxía liberal -defensora da diñidade dos homes e da autonomía moral dos povos- non pode refugar os nosos anxeios de liberdade, afincados en principio de xusticia e de progreso.

A solución do problema -tanto político como pedagóxico-darémola no seu dia. Por agora abonda co dito.

### ***¿Ten Galiza un territorio propio?***

Ninguén pode negalo. A entidade xeográfica galega ten fronteiras naturaes perfectamente recortadas, e comprende algo máis que o territorio das nosas catro provincias. O carácter diferencial da rexión galega está recoñecido pol-os máis acretados xeógrafos. Non esquezamos que Galiza era unha ínsua de rocas ígneas, criadas pol-o lume astral, e que xurdía, outa e forte, dos mares formativos, en cuio caos aínda xacía o que hoxe chamamos Hespaña. Tal é a forteza de Galiza que o poderoso erguemento das serras cantábricas tronzouse ao bater co noso chan, "*como una lanza se dobla y tuerce al dar contra la resistencia de una coraza*". Por eso as feituradas redondeadas e dondas do noso sistema de montañas contrasta cos aicidentes, agudos e agres, que se alviscan en Asturias, e tal diferenciación permítenos formular esta verdade: Galiza é unha terra doce de formas porque é moi forte de entrañas.

A terra galega é, ao mesmo tempo, unha entidade étnica, pero de dificultosa reconstrución política, porque a fronteira portuguesa rúbanos a espranza de anovar en breve a comunidade

nacional dos tempos suevos e visigóticos. Con todo, é doado esperar que o Bierzo e demais comarcas limítrofes de Ourense e Lugo, se incorporen ao seo da súa nación natural, e que o tempo -gran curandeiro dos erros hestóricos- posibilite a reconstrución total da nosa unidade. Non se pode creer que o río Miño, vello pai de Galiza -representado na franxa azul da nosa bandeira- siga sendo un lindeiro perdurable de dous Estados.

Galiza é a mellor esquina do solar hispánico, cabo do mundo antigo e avanzada de Europa no mar inmenso da liberdade. A arquitectura barroca do noso chán, labrada en pedra granítica, está sempre coberta por un manto de zugoso verdor. Os montes son redondos como peitos de muller e as serras son como lombos de boi cebado. Os vals son ledos e farturentos. O mar tolea de carraxe cando non o deixan penetrar na térra; pero cando entra, quédase adormecido no leito das rias. Galiza é unha unidade territorial armónica, de formas e coor, perfectamente diferenciada do resto da Hespaña.

Un fillo de Galiza pode inorar que o seu idioma labrego e mariñeiro ("rústico", como din os catedráticos casteláns), fose antaño a língoa lírica de toda Hespaña; pero non hai galego que non se sinta orguloso de ser fillo da térra máis fremosa do mundo. Cando un galego entra nas planuras de León ou de Zamora, síntese en térra allea, invadido pol-a tristura que producen os desertos. Cando entra en Asturias ten que afacer os seus ollos a un novo estilo de paisaxe. Pero cando traspon a fronteira portuguesa, síntese na propia térra, e non dá creto as arbitrariedades da política hestórica.

Aos galegos pode faltarnos a vontade de crear un ser político independente; pero non hai povo hespañol que nos aventaxe en amor á térra natal. Para uns a Terra é o pequeno berce en que nasceron: apenas un fremoso val, que ten un río de prata, unhas casas que fumegan, un campanario lanzal e un cimiterio onde durmen os seus abós. Alí abriron os ollos e alí queren morrer. Para estes a Terra é unha nación pequena en extensión, pero fonda en patriotismo. Para outros, a Terra é tan grande que somentes alcanzan a vela no mapa de Fontán. Alí hai unha inmensidade de vals, con aldeas, vilas e cibdades. Alí viven do traballo, sufrindo inxusticias, máis de dous millóns de labregos e mariñeiros. Para estes a Terra é unha nación asoballada, con dereito a reclamar garantías para o desenrolo normal da súa vida.

A impermeabilidade do noso espírito resisteu as acometidas esterilizadoras do sistema uniformista; pero é indubidable que os sinos esprituas da nacionalidade galega puderon morrer asimilados. O que non podía morrer era a Terra -sino permanente da nación-, porque por moito poder que o Estado centralista tivese, sempre resultaría impotente para converter o noso territorio en planura castelán. E, quedándonos a Terra non-os mataban a posibilidade de revivir, porque a Terra é a fonte da vida. Ela fainos á súa semellanza, con térra, pedra e auga, que son carne, oso e sangue do noso corpo. Ela fainos entristecer no outono, chorar no inverno, surrir na primaveira e gargallar de ledicia no vrán. Todo como ela. ¿E quén podería abolir a morriña dos galegos que viven fora dos eidos nativos? Porque ese sentimento diferencial é fecundo para crear xeitos propios do ser e, pol-o tanto, da cultura.

O noso instinto xeneroso é incompatible co chovinismo; pero ninguén pode fanar os nosos anceios patrióticos, que se afincan, simplemente, no amor á Terra-Nai, sempre compatible co desexo de reconstrución racional do Estado hespañol e coas arelas de redención human. Para nos a patria non é esa idea abstracta que defenden os imperialistas. Para nos a patria é un sentimento natural, inspirado en realidade sensibles aos cinco sentidos. A patria é a Terra. A Terra que nos dou o ser e que nos recollerá na morte como sementé de novas criaturas. A Terra, que cria frores nos campos para regalía dos ollos e albres para que canten os paxaros; onde atopamos sombra fresca no vrán e quentura garimosa no inverno; onde sufrimos a inqueda das sementeiras e gozamos a ledicia das colleitas; onde o vendaval brúa nas ponlas dos carballos e funga nas cordas dos barcos; onde canta o vento nos piñeiraes; onde esboufan as ondas do mar nos cóns da ribeira e runxen nos areaes; onde por primeira vez ollamos a choiva, a brétema, o sol, o luar, o "arco da vella" e a noite estrelecida.

Cómo lle queremos á Terra!. Eu de min sei decirvos que si dispóis de morto tivese que voar máis ala das estrelas visibles, para ir a un ceo tan lonxano da Terra, que nunca máis poidera vela, de boa gana renunciaría á inmortalidade para rematar a miña vida debaixo d-unha laxe e convertirme en herbas ventureiras.

Certo que a Terra que amamos tanto aínda é un "val de bágoas"; pero nós, os galegos, superaremos a predición relixiosa e trocarémola en Paradiso.

### *¿Ten Galiza unha vida económica propia?*

A esta pregunta é doado contestar afirmativamente. Pode decirse que Galiza é un país precapitalista, povoado por traballadores que viven d-un mísero xornal, que eles mesmos sacan da terra ou do mar; sen industrias d-abondo para absorber o excedente de poboación labrega e mariñeira; c-un *paro forzoso* e c-un *déficit* pecuniario constante, que se resolve pacificamente por meio da emigración. En fin; Galiza ten unha vida diferenciada dentro de Hespaña, c-unha morfoloxía social i económica tan peculiares que, por plantear problemas minoritarios, queda sempre ao marxe da Lei xeral do Estado e das preocupacións xeraes que a loita de crises plantea no mundo capitalista.

Hespaña, en xeral, é un país de latifundios; Galiza é de minifundios. A solución do problema da Terra en Hespaña, está no coletivismo; en Galiza está no cooperativismo. O país que a Hespaña lle intresa, como modelo, cicáis sexa Rusia. O que lle intresa a Galiza cicáis sexa Dinamarca. Velahí unha proba da diferenciación galega.

O minifundismo da nosa Terra responde ao cultivo intensivo que impon a topografía do chán. Gracias a este sistema, frenado pol-o noso dereito consuetudinario, a agricultura galega foi o asombro de moitos viaxeiros europeos; pero a lexislación liberal e xeneralizadora do Estado -dictada para outros lugares- provocou a pulverización dos fundos galegos e o aniquilamento da nosa economía. O crime pode imputárselle ao centralismo e ao seu Código Civil. ¿De qué nos valeu facer unha revolución sanguinenta para libertarnos do despotismo feudal? Porque si os labregos xa nos son escravos do home, son escravos da terra que traballan.

O lexislador liberal da Hespaña unitaria somentes se preocupou dos problemas pavorosos do latifundismo castelán, andaluz i estremeño, e coidando que o minifundismo galego era unha garantía de orde e benestar, promulgou leis que favorecen a división da propiedade, abolindo, de paso, o noso dereito particular. Resultou que quedaron en pé os problemas que trataba de resolver, porque, en primeiro lugar, o sistema de *fundos latos* responde ao cultivo estensivo, que impon a homoxeneidade do terreo; pero, en troques, derrubou a economía labrega de Galiza, que somentes podía conservarse pol-a indivisibilidade dos patrimonios familiares. Velahí cómo as disposicións contra o latifundismo crearon problemas en Galiza sen resolver os que xa eisistían alí con anterioridade, pois hoxe necesitamos unha Lei que favoreza a concentración parcelaria; é decir, unha Lei contraria á que rixe no resto da Hespaña.

Compre decir que os lexisladores e gobernantes da República tampouco abriron os ollos á realidade. Velahí temos, sen comprir, o artigo 47 da Constitución. Velahí temos a Lei de Reforma Agraria, absolutamente inaplicable na nosa Terra. E velahí quedaron, a sangrar, os problemas vitais de Galiza, agravados pol-a lexislación única, e sen posible solución dentro do Estado centralista.

Antramentras, a terra galega está dividida e subdividida, i en cada eido unha casa chea de xente. Os labregos nin son obreiros nin patróns. Chámanlle propietarios; pero a súa propiedade non pasa de ser unha simple ferramenta de traballo. Así caen mellor nas gadoupas do fisco e da usura. Os labregos ven o Estado en figura de recaudador de contribucións. Témenlle á xusticia oficial, porque nunca se lexislou para eles. Por eso necesitan un cacique que os liberte das inxusticias da Lei e das liortas abogadescas. A división da propiedade é tal que algunha vez o terreo, os castiñeiros e as castañas d-un mesmo souto, teñen tres donos diferentes. Os labregos traballan de sol a sol e de estrela a estrela, e a miseria do minifundio váiselle metendo no corazón. Os anxeios de posuir para vivir, mataron a súa nativa xenerosidade. Por eso miran con envexa os eidos do veciño. A falla de

térria dalle a esta un valor desmedido e antieconómico. A cobiza dos labregos ollase ben nas leiras e piñeiras que ruben pol-os montes incultos (incultos por seren do Estado), como se fosen os dedos artei-ros d-un ladrón... Estes labregos aman a térra e o traballo, e non se cansan de agardar por tempos mellores.

Non creo, pois, que poida duidarse da existencia d-un problema galego da térra, totalmente alonxado das preocupacións do Centro. E co dito non facemos máis que encetar a custión.

A veiramar de Galiza está densamente povoada por mariñeiros que viven do que pescan. O réxime económico da pesca galega obedecía a principios colectivistas de tipo Cristian; pero modernamente xurdiron problemas ao socaire das industrias conserveiras. E se os problemas da térra en Galiza non mereceron a preocupación do Centro, podemos decir que os problemas da pesca son enteiramente alleos á mentalidade dos homes de térra adentro.

Persisten en Galiza os tradicionaes sistemas de pesca. O "patrón", dono do barco e dos aparellos, sae ao mar cos "compañeiros". As gañancias repártense en "quiñóns", e o patrón leva máis parte, porque ten a obriga de reparar o barco e os aparellos. ¿Pensou algún lexislador ou gobernante no seguro de accidentes para estes traballadores, que, a decotío, xogan a vida no mar? Porque nos naufraxios morre tamén o patrón e pérdese o barco, obxecto da garantía, e as familias, enloitadas, non teñen máis recursos que os que lle proporcioe a caridade. E se o lexislador e gobernante centralista non atende a deberes tan elementaes de humanidade, ¿qué podemos agardar d-él para remediar a grave crisis da pesca en Galiza? Porque a fame ronda sempre os fogares mariñeiros, por falla de peixe, ou por sobra de peixe.

Os problemas económicos e sociaes da pesca galega adequiriron unha gravidade extrema co desenrolo da industria pesqueira -a máis importante de Hespaña- e co seu obrigado sometimento á industria conserveira -única creación capitalista de Galiza-. Os mariñeiros aínda traballan "a parte" e non cobran salario fixo. Os "armadores" son patróns que xa non xogan a vida no mar; pero que viven sometidos á veleidade egoísta dos "conserveiros". Os "conserveiros" viven do comercio exterior e sofren a incomprensión dos "gobernantes de secano". Cando hai máis sardiña no noso litoral xurden conflitos que se solucioan co abarrotamento das fábricas de salazón e conserva, co amarre da flota pesqueira nos portos de refuxio e coa fame de moitos miles de familias mariñeiras. Estamos moi lonxe de conquistar grandes portos pesqueiros, semellantes aos de outras nacións atlánticas, co seu complemento de transportes baratos e rápidos, para repartir peixe fresco nas rexións do interior, onde somentes coñecen o peixe en conserva. Temos, pois, dereito a creer que unha política estatal asentada no centro da Península non pode solucioar os problemas mariñeiros.

Co dito abonda para responder á pregunta que inicia este capítulo.

### ***¿Ten Galiza hábitos psicolóxicos reflexados n-unha comuni-dade de cultura?***

Prometín non perderme nos camiños ensarillados do pasado; pero a cultura é unha resultante hestórica, e para responder a esta pregunta compre que rexistremos a memoria. Non é posible negar a diferenciación psicolóxica. Abondaría, para demostralo, con citar os aldraxes que os clásicos casteláns nos dirixiron, en verso e prosa, por considerarnos diferentes e non asimilables; como bastaría lembrar ese afán, inconscientemente separador, dos que nos chaman "*gallegos!*" -con sorna-, por creeren que sendo diferentes somos contrarios a eles. Eses aldraxes teñen unha explicación: Os imperialistas, cando topan coa resistencia espiritual d-un povo sometido, confunden a "dureza para deixarse assimilar" coa "dureza para assimilar". Así, os ingleses aldraxan aos escoceses; os franceses aos bretóns; os casteláns aos galegos. E todos eses aldraxes non son máis que un recoñecimento tácito do "carácter nacional", que non se deixa esterminar.

A nosa Terra diferente crea hábitos peculiares de vida, que se manifestan en cada época baixo formas autóctonas de cultura. Velahí están os moimentos prehistóricos de Galiza, que amosan características diferenciaes. E na galeguísima cultura dos castros e citáneas aparece un arte requintado e propio, con símbolos relixiosos que fan supor a existencia de cultos peculiares e comúns a toda Galiza.

A Galiza do século IV -povo celta, romanizado e cristianizado- dou a figura extraordinaria de Prisciliano, perseguido por enxertar na doutrina católica o sentido panteísta do seu país natal e a liberalidade moral dos seus coterráns. Morreu decapitado en Alemana, vítima das loitas teolóxicas d-aquel tempo e da inquina de dous Bispos hespañoes, non galegos. Os seus discípulos déronlle sepultura na nosa Terra, e a súa doutrina enxendrou unha Eirexa separada, onde se cobexaron todolos galegos. O *priscilianismo* botou raíces tan fondas na alma mística de Galiza que, a pesares das pauliñas dos cregos, o noso povo aldeán sigue sendo heterodoxo. Tivemos, pois, inclusive, unidade relixiosa con características que aínda hoxe perviven.

A invención do corpo do Apóstolo -¿Prisciliano ou Santiago?- fixo da nosa Terra un centro de universalidade. Nos camiños que conducían a Galiza crúzanse as culturas do mundo antigo e fórmase a unidade espiritual do Oucidente. Por estes camiños entra Europa en Hespaña. Ao mesmo tempo xurde unha poderosa cultura galega, que adquire independencia e vida propia. Velahí a arte románica, culminando no Pórtico da Groria, e velahí a poesía lírica, culminando no Cancioeiro da Vaticana.

As artes da construción callaron en Galiza no estilo románico, que perdurou por enriba do gótico, deica enlazarse co barroco. O gótico, por ser un arte lóxico, non pudo aclimatarse no noso país pero do barroco fixemos, pode decirse, un "estilo nacional". Porque tendes de saber que hai un "barroco galego" e que, n-este estilo, creamos exemplares que son fitos na hestoria do arte.

O romance galego percorreu un ciclo literario compeito, de tan outo valor artístico que traspuxo as fronteiras do noso país, chegando a ser língoa lírica e cortesán de Castela. En galego escribiron Alfonso IX, Alfonso X e outros enxenos casteláns. Incluso algún poeta árabe foi tributario do noso idioma. Escoitade o que di Santillana: "*...non há mucho tiempo cualesquier decidores é trovadores destas partes, agora fuesen castellanos, andaluces o de la Estremadura, todas sus obras componían en lengua gallega o portuguesa*". Foi preciso executar a "*doma y castración de Galicia*" (verbas de Zurita, cronista dos *Reis Católicos*) para que enmudecéramos; pero a nosa língoa siguiu froecendo en Portugal, e o povo galego non quixo esquecer. Cando á fala popular de Galiza se lle negaba -por negarnos todo- condicións para ser língoa de cultura, ergueuse a protesta do P. Sarmiento, afirmando que él se comprometía a traducir ao galego todo canto se escribeu en grego, latín e castelán. As mocedades románticas e liberaes do século XIX descubriron a fremosura lírica do galego e iniciaron a renascencia das nosas letras, que hoxe volven a froecer. Temos, pois, unha literatura con características que incluso resaltan nos escritores galegos de fala castelán.

Dixo Tolstoi que dende a Edade Meia as crases outas viviron sen arte propio, e que somentes o povo siguiu disfrutando d-un arte verdadeiro, que responde á súa concepción da vida. Isto parez escrito adrede para Galiza, pois antramentras os *señoritos* alleiros vivían espiritualmente de prestado, o povo galego siguiu creando arte e sabiduría. Velahí están os refráns, algúns tan sabios como éste, que quero ofrecer á vosa consideración de revolucionarios, porque é todo un tratado de economía: "Mália o dente que come a sementé". Velahí están os nosos cantares, a rever tenrura e malicia, para competiren en beleza cos cancioeiros de calisquera outro país do mundo. Velahí están os hórreos, para demostraren o sentido galego das fremosas proporcións. Velahí está a nosa escultura popular nos cruceiros, nas fontes e nos portalóns. E velahí está, destacándose sobor da inmensa riqueza folklórica de Galiza, a nosa música popular e os nosos bailes e danzas populares. Os musicólogos poden locir a súa erudición discutindo a procedencia ou non procedencia árabe da nosa música popular e as relacións de parentesco que poida ter coa de outros países lonxanos; pero ninguén discute o seu "carácter nacional", porque eisiste unha "música galega" de extraordinario valor artístico.

O siño diferencial da psicoloxía galega está, principalmente, na Saudade. Esta verba é coñecida dos hespañoes; pero somentes nós sabemos o que siñifica. Este siñificado ninguén acertou a espresalo; nin siquiera Rosalía de Castro, que foi o corpo mesmo da Saudade. Pero a Saudade eisiste e anda sempre conosco.

Velahí, en resume, as diferencias culturaes que poden apreciarse: Lírica contra épica; muiñeira contra jota; gaita contra guitarra; cruceiro contra picota; intuición contra lóxica...

Xa demostramos que Galiza ten todol-os atributos d-unha verdadeira nacionalidade: idioma, térra, economía e cultura. Vexamos agora qué dereitos lle corresponden como tal nacionalidade, e vexamos, de paso, a posición doutrinal dos antifeixistas galegos. Non esquezamos que o noso propósito é propor á consideración dos galegos leaes un programa único de reivindicacións e unha liña táctica de defensa contra o centralismo que se agacha nas "esquerdas" republicáns.

Unha nación é soberán e ten dereito a orgaizarse autonómicamente, sen máis límites que os derivados do respecto ao dereito igoal das demáis nacionalidades. A nación ten dereito a federarse con outras e a separarse da federación cando lle conviñer. Unha nacionalidade, pois, ten dereito, incluso, a constituirse en Estado independente.

Certo que o autor en que nos afincamos, por ser un home de realidades e non un liorteiro xurídico, condicioa o deber do proletariado ante o dereito d-unha nación, que -por en-xemplo-preténdese restaurar institucións de tipo reacionario, pois aínda que este dereito sexa indiscutible, non pode ser defendido pol-os traballadores. Mais o proletariado debe incorporarse ao movemento reivindicador das nacionalidades para derrubar a política imperialista e facilitar a unión internacional dos obreiros e campesinos. Quérse decir que o proletariado endexamáis pode negar o dereito das nacionalidades á súa independencia, e debe loitar pol-a liberdade nacional cando elo non se opón aos sagros intreses da súa crase.

A liberdade das nacións afecta ao proletariado tanto ou máis que á burguesía. Non se pode falar seriamente do desenrolo espiritual do povo traballador cando non se lle permite servirse do seu idioma nas escolas, nos tribunaes, nas assembleias, etc. A "autonomía territorial" permite esplotar de mellor maneira as riquezas naturaes do país, e soerguer as forzas productivas sen agardar a que a solución veña de fora. "Os marxistas rusos non poden prescindir do dereito de autodeterminación das nacións". E a teoría staliniana cómprese nos artigos 16 e 17 da Constitución da URSS.

Dacordo con estes principios o Buró político do P.C. hespañol non se esqueceu de incluír na proposta oficial de unificación, dirixida ao P.S. en xulio derradeiro, a seguinte condición: "8° Reconecimento do dereito democrático de independencia nacional para cataláns, vascos e galegos, independencia nacional que pode asegurarse en forma real e perdurable mediante a unión de todol-os povos da Hespaña contra o enemigo común, contra os feixistas hespañoes e os invasores xermano-italiáns".

A Terceira Internacional reconece como nacionalidades a Cataluña, Euzcadi e Galiza, e a posición política dos comunistas hespañoes responde, lóxicamente, a este reconecimento.

¿Cal é o criterio dos galeguistas? Para nós, os galeguistas, Galiza é unha nación e ten o dereito e o deber de orgaizarse autonómicamente. Xa sinalamos a coincidencia do galeguismo e do comunismo a este respecto e nas arelas de orgaizar a convivencia fraternal das nacionalidades hispanas, dentro do marco d-un mesmo Estado. Así o proclamamos en Berna, o ano 1932, ante o IX Congreso das Minorías Nacionaes de Europa

Os nosos anxeios máisimos están espresados na IV declaración de principios do programa galeguista: *Galiza, célula de universalidade: Anti-imperialismo, federalismo internacional, pacifismo*". Esta declaración está definida nas verbas seguintes: "O reconecimento da persoalidade de Galiza e as arelas de anovar a súa autóctona cultura, a defensa da autodeterminación política do noso povo, a laboura pol-a potencialización da súa economía, serían angueiras estériles i egoístas se non estivesen inspiradas pol-o degoiro de armonizar na cultura universal o rexurdimento da nosa cultura, de integrar na comunidade dos povos a liberdade do noso povo, de coordinar coa solidariedade da economía mundial o melloramento da nosa economía; en suma, de que Galiza, eisistindo, "vivindo a súa vida", se capacite para ser un novo órgao da humanidade. Os galeguistas pretendemos, pois, que Galiza encha o imperativo que representa a súa vinculación a unha superior unidade human, que intente asegurar, guindando coas fronteiras, a paz dos povos e o benestar dos homes".



Esta declaración feita por un partido controlado pol-os nacionalistas galegos, non comunistas, responde ao anxeo xeral das pequenas nacións resucitadas ao socaire da post-guerra europea. Para que se aprecie a coincidencia de idearios -espontaneamente formulados a moita distancia-, quero transcribir un treito dos Estatutos da "Alianza dos grupos nacionaes da Franza" (Alsacia-Lorena, Bretaña e Córcega): "Os Estados modernos, basados na forza, caducarán pol-a crecente interdependencia económica do mundo, pois os antagonismos en que afincan a súa eistencia somentes sirven para provocar guerras cada vez máis terribles. Sería mellor sustituilos por unha federación de povos, onde cada nacionalidade poidera determinar o seu propio Estatuto político e proseguir o seu desenrolo cultural, conforme as súas tradicións e tendencias; pero asegurando a unidade económica pol-a supresión das aduanas e pol-a práctica do "libre cambio". Esta concepción daríalle aos povos os dous bens máis esenciaes: a liberdade e a paz".

Cando un galego se decata das realidades do seu país e chega a sentirse fillo d-unha nación privada de liberdade, debe defender a posición maisimalista que acabamos de esbozar, pois si Galiza é unha Terra diferente ten dereito a ser eistente. E unha de dúas: ou negamos o carácter nacional da nosa Terra ou temos que defender os seus dereitos.

Na política mundial hai, arestora, dúas tendencias xeraes, en aparente oposición: a *internacionalista*, debida as circunstancias políticas do noso tempo e as condicións económicas do mundo, e a *particularista*, debida ao rexurdir das nacionalidades que loitan pol-a liberdade dentro dos grandes Estados.

Estas dúas tendencias atopan a súa solución normal no federalismo. Mais o federalismo internacional somentes pode realizarse sobor das ruinas dos Estados imperialistas e coa previa abolición do sistema capitalista actual. Por esto a estrutura federal do Estado hespañol será posible co trunfo das armas leaes.

Quero proclamar en letras de molde o que dixemos moitas veces nos mitins de propaganda. Creemos que o separatismo é unha idea anacrónica e somentes o disculpamos como un movemento de desesperación que endexamáis quixéramos sentir. Esto siñifica que os defensores da posición maisimalista de Galiza non intentamos tronzar a solidaridade dos povos hespañoes -reforzada por unha convivencia de séculos- se non máis ben posibilitar a reconstrución da gran unidade hispana, ou ibérica.

Con tal de que as nosas arelas federalistas se visen compridas, Galiza cedería voluntariamente dos seus dereitos todo canto fose indispensable para crear a soberanía do Estado hespañol; pero sendo demócratas verdadeiros e arelando a unión fraternal de todol-os leaes, estamos dispostos a ceder, tamén, da nosa posición doutrinal, canto sexa preciso para construímos o futuro benestar da nosa Terra. Frente a un *separador* sentímonos intransixentes; frente a un amigo sentímonos dispostos a pactar; frente a un irmán somos capaces de ceder parte do noso ideario.